



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

ACTA DO COMITÉ ANTIFRAUDE DO CONCELLO DA LARACHA

Asisten:

- Eduardo Mera Rico, interventor municipal
- Marta Vázquez Garea, secretaria municipal
- Lucía Barreiro Angeriz, administrativa, xefe de negociado de Secretaría
- Jorge Vidal Zapatero, tesoureiro municipal
- Carla Iglesias Recarey, técnico de administración xeral departamento de Secretaría

Día: 03/11/2023

Hora: 10:00 h

Hora fin: 11.00 h

Lugar: sala de xuntas da Casa do Concello

ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta anterior (28/06/2023)

Sometida a consideración dos membros do Comité a acta resulta aprobada pola unanimidade dos asistentes.

2. Exame do expediente de contratación REDACCIÓN DO PROXECTO BÁSICO, PROXECTO DE EXECUCIÓN E DIRECCIÓN DE OBRA CASA CONSISTORIAL (PIREP) Expediente 2023/C004/000003

Ponse de manifesto o expediente, cuxa alta en Coffee é a seguinte:

Código provisional do subproxecto:

C02.I05.P02.PROVISIONAL.S1369 PIREP L2 CONCELLO DA LARACHA C2I5PL/22/01609

O obxecto deste contrato é a redacción do proxecto básico, o proxecto de execución e a dirección de obra para a execución dos traballos necesarios para a REHABILITACIÓN DO EDIFICIO CONSISTORIAL DO CONCELLO DA LARACHA”.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Os traballos de redacción de proxecto básico e proxecto de execución incluírán as funcións propias de acordo coa lexislación de ordenación da edificación respecto a totalidade das actuacións necesarias para dar cumprimento ao programa de necesidades e, expresamente, das instalacións proxectadas, a coordinación de seguridade e saúde en fase do proxecto, o plan de control de calidade e, especialmente, o estudo de xestión de residuos nos termos e coas características estipuladas nas bases PIREP LOCAL L2.

O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 81.702,42 € (IVE excluído) subvencionado polo Ministerio de Transportes, Mobilidade e Axenda Urbana nun 58,15 %.

XUSTIFICACIÓN DA ELECCIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN EN RELACIÓN COA SUBVENCIÓN PERCIBIDA

Co fin de acadar unha axeitada calidade na prestación do servizo que se licita adóptanse os seguintes criterios de adxudicación considerando que:

- Respectando os condicionantes de aforro enerxético, xestión de residuos e outros previstos nas bases de PIREP LOCAL L2, é relevante obter unha certificación da sustentabilidade da edificación dende a fase do proxecto a través de algún dos selos de maior recoñecemento (LEED, BREEM ou VERDE). A obtención dun certificado de sustentabilidade deberá ser compatible cos aspectos económicos do conxunto da actuación.
- Aínda sendo factible o desenrolo do proxecto con métodos tradicionais, a implementación dunha metodoloxía BIM proporciona un incremento na calidade da prestación en termos de coordinación entre as distintas actuacións, respostas a cambios, valoración dos traballos, cumprimento de prazos e seguimento e control durante a fase de obra.
- É necesario acreditar un coñecemento previo mínimo da edificación existente, e dos seus condicionantes, posto que é un edificio executado en dúas fases, actualmente en uso.
- É necesario acreditar un correcto sistema de traballo, o coñecemento e a organización dos recursos e a correcta descomposición das tarefas para poder levar a cabo unha prestación eficaz e de calidade.
- É necesario avaliar a capacidade de implementar solucións arquitectónicas de calidade E acordes as necesidades previstas nos pregos de cláusulas administrativas particulares e nos pregos de prescricións técnicas aportado as principais solucións arquitectónicas que respondan a ditas necesidades.

Todos os criterios están, polo tanto, vinculados directamente co obxecto do contrato e relacionados coa calidade do mesmo.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

- Os criterios avaliados mediante xuízo de valor serán considerados por un Comité de expertos nomeado polo órgano de contratación a proposición da Mesa que realizará a valoración en base aos seguintes criterios.

A. ANÁLISE PREVIO

Valorarase:

- o Precisión e esquematización na descrición do edificio, a súas características construtivas, instalacións, entorno etc.
- o Esquemas, bocetos e documentos gráficos, incluídas fotografías que acrediten o coñecemento do edificio e o seu entorno, as súas condicións particulares etc.
- o Análise do entorno, descrición de posibles afeccións ou condicionantes propios do edificio.
- o Conxunto de elementos, unidades ou materiais reutilizables, reciclables ou que se poidan conservar.
- o Análise dos riscos que entrañen o proxecto e as actuacións previstas (prazos, condicionantes técnicos etc)

B. PROGRAMA DE TRABAJO

Valorarase:

- o Grado de detalle na descrición das tarefas, con asignación de recursos.
- o Proposta metodolóxica para a execución das diferentes fases previstas nos pregos de prescricións técnicas particulares
- o Coherencia, adecuación e precisión na asignación de tempos podendo aportar un diagrama Gantt

C. PROPOSTA LIÑAS PROXECTO

Valorarase:

- o O grado de coherencia, a adecuación e maior precisión e definición das solucións arquitectónicas e instalacións propostas, e a súa adecuación ás bases de PIREP LOCAL L2.
- o A xustificación da adecuación das propostas aos criterios da Nueva Bauhaus europea.
- o O número e adecuación dos ensaios previos, controis, inspeccións e medicións propostos para optimizar as solucións propostas.
- o Solucións técnicas propostas para reciclar o reutilizar elementos do edificio xustificando a súa adecuación ás bases PIREP LOCAL L2.
- o A proposta de solucións técnicas innovadoras e sostibles.
- o A precisión e coherencia da valoración económica e especialmente a súa estrutura adecuada aos ítems subvencionables de acordo as bases PIREP LOCAL L2.



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es

Con estes criterios de adxudicación preténdese avaliar a mellor relación calidade-prezo e asegurar a correcta execución, dadas as características particulares da intervención que preténdese facer sobre o edificio, a súa vinculación ás axudas conforme ao PIREP LOCAL L2, os tempos limitados para a elaboración da documentación técnica e a execución da obra.

MEDIOS PERSOAIS MÍNIMOS ESIXIDOS

Esixírase ademais uns medios persoais mínimos á vista das condicións técnicas, xurídicas, económicas e de prazo que establecen as bases do PIREP LOCAL L2 aplicadas á reforma do concello da Laracha, para realizar o servizo en condicións de calidade suficientes.

Tivéronse en conta a condición de prazo para a elaboración do proxecto e a execución das obras, sendo a data límite para a certificación definitiva da obra sen obxeccións ata marzo de 2026.

Tamén se tivo en conta a necesidade de acadar un aforro enerxético mínimo do 82% mediante o uso de técnicas innovadoras, que responden á súa vez aos criterios da Nova Bauhaus Europea.

A especial necesidade de precisión, detalle e especificidade nas medicións tívose en conta para avaliar aquelas obras subvencionables e aquelas que requirirán de fondos propios.

Dadas as características particulares da intervención que se pretende realizar no edificio, a súa vinculación ás axudas de acordo co PIREP LOCAL L2, o tempo limitado para a elaboración da documentación técnica e a execución da obra, un equipo técnico con a composición e os requisitos que indicarán nos pregos. Seguindo, así, o criterio recollido na Sentencia do TJUE de 26 de marzo de 2015, cando sinala que “a calidade da execución dun contrato público pode depender de maneira determinante da valía profesional das persoas encargadas de executalo, valía que está constituída pola súa experiencia profesional e formación” entendendo así o Tribunal que “cando un contrato de esta índole deba ser executado por un equipo, son as competencias e a experiencia dos seus membros os aspectos determinantes para apreciar a calidade profesional de dito equipo.

EXISTENCIA DE DACI

Constan no expediente DACI de todos os operadores implicados na tramitación.

Así, considera este Comité que se cumpre o establecido no Plan xeral de prevención de riscos e de medidas anti-fraude, aprobado polo Pleno da Corporación celebrada o 30 de setembro 2022 (BOP 11.10.2022 núm. 193) e correxido por acordo plenario publicado o 09/10/2023 (BOP núm. 193).



Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

www.alaracha.es